

OFERTA FORMATIVA PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”

Contextualización

Históricamente, a maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana, que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero, por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, xerando unha baixa autoestima na mocidade do rural, situación que debe mudarse antes que sexa demasiado tarde.

De xeito paralelo, o sector primario na provincia de Lugo está a ter un desenvolvemento que ven a consolidar a súa función como elemento tractor na economía e na sociedade. O dito desenvolvemento ven da man dos/as emprendedores/as no medio rural que, a través das súas granxas e actuacións diversas, están a proporcionar un modo de vida digno e sostible no tempo, dende un punto de vista social, económico e medioambiental.

Con todo, estes pequenos avances que se están a producir, seguen a ser grandes descoñecidos para a meirande parte da nosa contorna social, en especial para a mocidade.

Do mesmo xeito, os profesionais do sector educativo veñen a confirmar dende hai anos que a realización dunha saída a unha granxa resulta relevante e beneficiosa para os/as rapaces/as, podéndolles amosar e facilitándolles coñecer o seu propio medio, ver as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que viven nela, o seu comportamento e os seus coidados, así como, coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural en cada unha das épocas do ano.

Obxectivos xerais

Dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os/as rapaces/as poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura, contribuíndo deste xeito ao alonxamento do estigma social e da baixa autoestima que os/as propios/as agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

As visitas ás granxas están encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, contribuíndo a inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar, contribuíndo deste xeito a evitar que o rural esmoreza.

Obxectivos específicos

- Dignificación e posta en valor do traballo dos/as nosos/as agricultores/as e gandeiros/as.
- Implantar un vector de coñecemento do papel fundamental que desempeñan os/as nosos/as agricultores/as e gandeiros/as no mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria como elemento identitario.
- Comprensión da importancia da produción de alimentos para asegurar o maior grao posible de soberanía alimentar e avanzar na garantía dun proxecto de ordenación do territorio que desenvolva o conxunto do noso país dunha alimentación saudable para a toda a sociedade
- Difusión e potenciación do valor engadido das producións agrarias: Fomento dos centros de transformación e envasado, incidindo na necesidade de protexer os proxectos de mercado carácter familiar, que permiten fixar poboación no rural e son sostibles no tempo.
- Coñecemento, posta en valor e fomento da produción agroalimentaria local, de proximidade e de calidade, coa potenciación dos mercados e feiras tradicionais, e dos circuitos curtos de distribución.
- Posta en valor do patrimonio vivo do agro galego.

Actividades

- Visitas ás granxas e/ou proxectos de emprendemento rural dos/as produtores/as locais para coñecer o funcionamento dos mesmos, dende o coidado e o manexo dos animais, cultivos, etc... ata o ciclo produtivo completo.
- Observación en primeira liña do comportamento dos animais, identificando os parámetros que interveñen no seu benestar animal e da evolución e adaptación dos cultivos da contorna.
- Coñecemento dos procesos produtivos e transformadores vencellados ao sector primario dende un punto de vista sociolóxico, incidindo no papel fundamental que o individuo como emprendedor xoga na viabilidade do proxecto, e na súa influencia na colectividade a través de outros proxectos asociativos ou cooperativos anexos.
- Fomento e promoción dos proxectos de emprendemento que inciden na diversidade produtiva do rural lucense.
- Potenciación dos modelos produtivos e proxectos de emprendemento liderados, encabezados ou xestionados por mulleres no eido rural, tanto a tempo completo como a tempo parcial, coa necesidade de incidir nas políticas de igualdade de xénero real no noso agro.
- Identificación dos elementos e produtos naturais e silvestres que os/as rapaces/as poden atopar na súa contorna, coñecendo o seu valor e a súa potencialidade.
- Posta en valor do traballo digno dos/as agricultores/as e gandeiros/as da provincia.

Para a execución das anteriores actividades, dispónse dun catálogo de granxas e produtores locais cuxas actividades e especialidade se recollen na oferta formativa que figura a continuación.

A CARQUEIXA S Coop. Galega e ASOCIACIÓN SER

1.- Nome da granxa: A Carqueixa S. Coop. Galega / Asociación SER


2.- Localización: Vilela, Navia de Suarna

Coordenadas: 42.885381791517226, -7.004839778079036

<https://goo.gl/maps/1wwFoeA45FwxkcQq7>

3.- Actividades:

- Difusión pedagóxica dos valores da Reserva da Biosfera
- Cooperativa de granxas de vacún de carne co selo “Ternera gallega suprema” e a marca “O Sabor dos Ancares”
- Organización de actividades formativas e divulgativas: Xincana pedagóxica
- “Gandería heroica” e exaltación dos produtos da cooperativa “O Sabor dos Ancares”



4.- Contacto: Elva Campo (SER), tef. 639 187 191; Román Besteiro (Carqueixa) , tef. 670 300 380

Email: elvacampor@gmail.com; carqueixa@telefonica.net

5.- Custo das actividades: 970 €/xornada (grupo de 25 escolares), inclúe xantar

A CASA DA FONTE

1.- Nome da granxa: Gandería Casa da Fonte

2.- Localización: Mañente, Pantón

Coordenadas: 42.49927258703315, -7.572834090995381

<https://goo.gl/maps/546MnaZb1eaUGG7b9>

3.- Actividades:

- Granxa de vacún en extensivo, pastoreo ecolóxico poñendo en valor o hábitat natural
- Sistema de muxidoira no prado con sala de muxidoira móbil
- Elaboración e comercialización propias de produtos lácteos (leite, nata, iogures, queixo, manteiga)
- Diversificación produtiva na granxa: porco celta, pitas poñedoras, cebo de polos, etc...
- Organización de visitas á granxa e ao obradoiro de produtos lácteos



4.- Contacto: Xosé García Freire, tef. 691 060 470

Email: ecocasadafonte@gmail.com

5.- Custo das actividades: 5 €/escolar (visita guiada á granxa)

10 €/escolar (visita guiada á granxa + obradoiro con material incluído)

ADEGA

- 1.- Nome da entidade: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
- 2.- Localización: Actividades impartidas nas instalacións dos centros escolares que o soliciten
- 3.- Actividades (obradoiros de educación ambiental):
 - **O meu horto escolar:** Preparación dun horto escolar e plantación, dúas modalidades: en terra ou macetas (horto vertical) para herbas aromáticas.
 - **O meu primeiro sementeiro:** Preparación de sementeiras para que alumnado leve a casa. Indicación de coidados das mesmas.
 - **Facendo compostaxe no cole!:** Instalación de composteiro no centro de ensino. Impartirase unha charla e material informativo e didáctico para o centro con asignación de tarefas.
 - **Pasta de dentes con herbas da nosa contorna:** Preparación de pasta de dentes natural e ecolóxica a partires das herbas que podemos atopar no nosos hortos.
 - Fabricando espantallos con material de refugallo: Creación de espantallos con materias que ían acabar no lixo. Iniciar os participantes nas 3 Rs (reducir, reutilizar e reciclar).
 - **O monte, a nosa despena:** Explicación da importancia dos nosos bosques e de o correcto aproveitamento do papel. Crea papel reciclado a partires de xornais vellos.
 - **Coidando as aves amigas:** Creación de comedeiros con material de refugallo para atraer paxaros insectívoros que axudan a manter as pragas controladas. Entrega da fichas, as aves que vemos dende a nosa fiestra; para ir cubrindo o longo dun mes.
 - **Aforramos auga, conservamos vida :** Realizar unha inspección do consumo da auga no centro e elaborar medidas, se fosen necesarias, para aforrar o consumo, evitar as secas e favorecer a vida animal e vexetal.
 - **Achegámonos ás razas autóctonas:** Actividade para dar a coñecer as razas e variedades autóctonas, resultado dun antigo proceso de domesticación, selección e mellora das especies animais e vexetais.
 - **Creamos un hotel de Insectos:** Con material de refugallo crearemos un hotel para os máis importantes e tamén máis esquecidos da nosa contorna. Achegaremos a importancia dos insectos para a biodiversidade.



- 4.- Contacto: Itziar, tef. 628378804 / 981570099
 Email: itziar@adega.gal; adega@adega.gal
- 5.- Custo das actividades: 525 € (obradoiro impartido no propio centro escolar)



AIRAS MONIZ

1.- Nome da granxa: Airas Moniz


2.- Localización: Lugar Outeiro, San Salvador de Asma, Chantada

Coordenadas: 42.59912270273337, -7.755093445918768

<https://goo.gl/maps/eygMy83XYKbxi4Q88>

3.- Actividades:

- Pasa de ser unha das 15 granxas máis grandes de Galicia a converterse nunha microexplotación produtora de leite de pastoreo de calidade
- Granxa de vacas jersey en réxime de pastoreo extensivo
- Elaboración de manteiga e queixo, premiados no Salón Gourmet de Madrid do ano pasado
- Catro variedades de queixo finalistas optando a ser o mellor queixo de España 2022
- Visita guiada á granxa e á queixería. Obradoiros de elaboración de queixo



4.- Contacto: Suso, tef. 639 692 351

Email: info@airasmoniz.com

5.- Custo das actividades: 10 €/persoa (visita á granxa e á queixería) / 30 €/persoa (elaboración de queixo)

Nota: visitas á granxa a partir de setembro (para elaboración de queixo, grupos de ata 15 persoas)



ARQUEIXAL

1.- Nome da granxa: Arqueixal


2.- Localización: Santiago de Albá, Palas de Rei

Coordenadas: 42.84658800738935, -7.887646772874035

<https://goo.gl/maps/JuQmJRGvXMdkfB6c6>

3.- Actividades:

- Granxa pioneira na produción de leite ecolóxico con vacas de raza parda alpina
- Elaboración de queixo, iogurt natural e envasado de leite fresco con cata dos ditos produtos ecolóxicos
- Agroecoturismo activo e cultura do coñecemento da tradición: complexo de agroecoturismo con parladoiro, recreación de labores e oficios tradicionais, unidade didáctica empírica para colexios baixo o nome “Tempos de aldea”. Visita teatralizada á aldea e á Casa da Rebordela
- Visita á granxa e interacción cos animais
- Taller de elaboración de queixo, con agasallo de envase para levar o queixo que cada un elabore



4.- Contacto: Xosé Luís Carreira, tef. 629 176 030 / 982 380 251

Email: contacto@arqueixal.com

5.- Custo das actividades: 15 €/persoa

CABUXA NATUR SC

1.- Nome da granxa: Cabuxa Natur SC

2.- Localización: Lugar Borreiques, Guntín

Coordenadas: 42.93755688346299, -7.740596069703866

<https://goo.gl/maps/YheKKaDLZ69KWgWc8>

3.- Actividades:

- Granxa de cabrún de carne: carne de cabrito de alta calidade exclusivamente a base de pastoreo e leite materno e da raza autóctona Cabra Galega
- Diversificación produtiva coa introdución dun rabaño de raza autóctona Vaca Caldelá
- Certificación en ecolóxico a través do CRAEGA
- Granxa asociada ao Sindicato Labrego Galego
- Venda directa: cabrito de raza galega ecolóxico
- Organización de obradoiro/xornada de pastoreo no monte para escolares
- Degustación de cabrito ecolóxico da explotación cociñado en restaurante tradicional colaborador



4.- Contacto: Gemma San Pedro, tef. 620 547 143

Email: gemmasanji@gmail.com; gemmasanji@hotmail.com

5.- Custo das actividades: 500 €/xornada (inclúe degustación de cabrito ecolóxico)

CASA BÉRTOLO

1.- Nome da granxa: Casa Bértolo SC


2.- Localización: Lugar Macedo, Condes, Friol

Coordenadas: 43.00693779447732, -7.800319157545073

<https://goo.gl/maps/qUQBFGwXpHfo4eSAA>

3.- Actividades:

- Granxa familiar de vacún del leite en réxime de pastoreo, con experiencia acumulada de varias xeracións
- Produción de leite de pastoreo e queixo ecolóxico, certificados polo CRAEGA
- Experiencia na organización de visitas de centros escolares da Terra Chá
- Granxa asociada ao Sindicato Labrego Galego, que desenvolve actividades culturais de gran calado no concello de Friol



4.- Contacto: Concha, tef. 636 261 224

Email: casabertolo@gmail.com

5.- Custo das actividades: 300 €/xornada

CAURELOR

1.- Nome do produtor: Caurelor



2.- Localización: Espandariz s/n, Quiroga

Coordenadas: 42.471531340195725, -7.295224544255958

<https://goo.gl/maps/H8SjYPEwn35wzpr66>

3.- Actividades:

- Producción de castañas, marmeladas, zumes e mel
- Diversificación produtiva a partir dun número reducido de colmeas para o envasado de mel
- Elaboración a partir de produtos da serra do Courel
- Producción artesá e ecolóxica, en función dos ciclos naturais
- Visita ao souto de Santa Eufemia no Courel, dentro do Xeoparque “Montañas do Courel”. Explicación de onde se recollen os produtos (arandos, castañas, etc...)
- Chegada a Quiroga, onde se atopa o obradoiro. Explicación e degustación de produtos



4.- Contacto: Verónica e Daniel, tef. 675 930 164 / 615 598 075

Email: info@caurelor.com

5.- Custo das actividades: 400 €/xornada



CHAMPIVIL

1.- Nome do produtor: Champivil Castelo


2.- Localización: Rúa Mourence 6, Vilalba

Coordenadas: 43.30008273139119, -7.693272339453311

<https://goo.gl/maps/bnrhhKtm94wLL3N47>

3.- Actividades:

- Empresa familiar de Vilalba que envasa produtos autóctonos e exporta conservas de vexetais e cogomelos de tempada de Galicia aos principais mercados de España e Europa
- Envasado o mesmo día da recolleita, ofrecendo así unha gama de produtos naturais sen conservantes nin aditivos, procedentes unicamente de Galicia
- Innovación coa venda de ortigas envasadas e unha gama de cervexas artesás de ortiga e grelo
- Organización de visitas de centros escolares con obradoiros de transformación e envasado de grelos e outros produtos vexetais



4.- Contacto: Luz Divina, tef. 609 680 761

Email: info@champivil.com

5.- Custo das actividades: 450 €/xornada

CHOUSA DO LEA

1.- Nome da granxa: Chousa do Lea

2.- Localización: Castro Riberas de Lea, Castro de Rei

Coordenadas: 43.144570410232696, -7.499695056156202

<https://goo.gl/maps/wTa74CUWcvUtjyCy5>

3.- Actividades:

- Avicultura artesá. Cría de pita e Mos
- Actividades extraescolares con visitas para coñecer *in situ* a incubadora dos pitos, e obradoiro de envasado e etiquetado de ovos na propia granxa
- Coñecemento da alimentación dos animais, dende a sementeira de cereais, ata o peche do ciclo produtivo. Trazabilidade do produto dende a granxa ata o supermercado



4.- Contacto: José Zapata, tef. 608 553 096

Email: chousadolea@gmail.com

5.- Custo das actividades: 400 €/xornada

EL PAÍS DEL ABEYEIRO

1.- Nome da granxa: El país del Abeyeiroy


2.- Localización: Aldea de Pena da Nogueira, Negueira de Muñiz

Coordenadas: 43.08921764133165, -6.926923880921366

<https://goo.gl/maps/GeUkixUoTX2Pqk4G6>

3.- Actividades:

- Ecomuseo vivo sobre o mel, a apicultura tradicional e os polinizadores silvestres, con actividades de educación ambiental
- Apicultura tradicional compatible coa biodiversidade
- Centro de traballo visitable ao que se pode achegar todo aquel que queira aprender e coñecer o oficio de apicultor
- Taller de madeira para facer ou reparar as colmeas, sala de extracción e envasado de mel, aula didáctica e zona expositiva
- Actividades formativas de horta ecolóxica
- Visitas guiadas ao Xardín de Polinizadores Fernando Fueyo



4.- Contacto: Alberto Uría, tef. 636 209 880

Email: hola@elpaisdelabeyeiroy.com

5.- Custo das actividades: 2,50 €/persoa < 11 anos; 5 €/persoa ≥ 11 anos

EMBUTIDOS SUARNA

1.- Nome do produtor: Embutidos Suarna


2.- Localización: Avenida Ancares 72, A Pobra de Navia, Navia de Suarna

Coordenadas: 42.96645999775628, -7.003480953193672

<https://goo.gl/maps/2tM9VmmbaP9njPRm9>

3.- Actividades:

- Posta en valor dos produtos vencellados a este territorio de montaña que comprende Os Ancares Lucenses
- Visitata ao obradoiro artesán para coñecer a elaboración e afumado de produtos derivados cárnicos: androlla e outros embutidos como botelos da Montaña, anoados no estómago, pigureiros, embutidos no cego, chourizos, lombo, cecina, lingua e touciño entrefebrado
- Venda online de produtos artesanais e participación e asistencia a feiras tradicionais
- Xeración de valor engadido e de emprego feminino, tanto no obradoiro como na tenda de distribución propia, grazas ao traballo e adicación da emprendedora que está ao fronte deste proxecto empresarial



4.- Contacto: M^a Carmen Sánchez, tef. 648 048 795

Email: embutidosuarna@hotmail.com; info@embutidosuarna.com

5.- Custo das actividades: 350 €/xornada



GANDERÍA RIVERA OTERO

1.- Nome da granxa: Gandería Rivera Otero


2.- Localización: Feira do Monte, Cospeito

Coordenadas: 43.241483859626626, -7.5571830321298235

<https://goo.gl/maps/oxsm9CYoug1t6nsU7>

3.- Actividades:

- Granxa familiar de ovino, ao carón da lagoa de Cospeito, en réxime semi-extensivo con recente relevo xeracional ao fronte a cargo do fillo que se incorpora á actividade agraria a tempo completo
- Exemplo de proxecto que permitiu acondicionar para pastoreo case 30 hectáreas de parcelas abandonadas, propiedade dos veciños, e transformalas en superficie agraria útil, respectando o entorno natural protexido da zona (un dos humidaís máis importantes de Galicia)
- O titular da granxa é o presidente da Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia, que reflicte o seu compromiso coa mellora e profesionalización do sector do que vive
- Modelo produtivo baseado no aproveitamento dos recursos propios: forraxe, pasto, cereais e abono orgánico da propia granxa
- Na visita á granxa experimentábase o proceso de cría de gando ovino, incidindo no mantemento do territorio, produción local e alimentación saudable



4.- Contacto: Luís Rivera, tef. 678 528 208

Email: luisriveraotero2909@gmail.com

5.- Custo das actividades: 450 €/xornada

GRANXA AS REGAS

1.- Nome do produtor: Granxa As Regas - Embutidos Hermelino

2.- Localización: Bo. Tanín, 25 - O Valadouro

Coordenadas: 43.528866424253614, -7.402562025240804

<https://goo.gl/maps/WJi7r9gdj1qrVfkN9>

3.- Actividades:

- Granxa familiar mixta con presenza de porco celta criado el liberdade
- Modelo produtivo que valoriza a gandería de razas autóctonas de Galicia, pertencendo á Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) e baseándose no aproveitamento dos recursos chegando ata o peche do ciclo produtivo
- Venda de produtos de elaboración propia: hamburguesas, embutidos, xamóns, etc... con proceso de afumado natural
- Visita guiada con xornada de alimentación ao gando, coñecemento do ciclo produtivo, e degustación de produtos



4.- Contacto: Adrián, tef. 649 687 284

Email: info@embutidoshermelino.es

5.- Custo das actividades: 15 €/persoa

GRANXA CASA DA ESCOLA SC

1.- Nome da granxa: Granxa Casa da Escola SC


2.- Localización: Seoane, Sober

Coordenadas: 42.44024363874863, -7.535053871296152

<https://goo.gl/maps/pa4P5gfN89gW65Qo6>

3.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de ovino e porcino en réxime extensivo, rexentada por unha parella de mozos emprendedores, onde o benestar animal ten unha vital importancia. Os rapaces poden tomar conciencia do traballo diario de pastoreo que se leva a cabo nunha granxa
- Experiencia en organización de visitas de centros escolares e actividades paralelas
- Coñecemento do ciclo completo levado a cabo nunha granxa, adaptado á mocidade
- Na visita á granxa experimentábase o proceso de cría de gando ovino, incidindo no mantemento do territorio, produción local e alimentación saudable



4.- Contacto: Diego Fernández, tef. 690 231 660. Noelia, tef. 657 065 322

Email: noeliagonzalezgonzalez@yahoo.es

5.- Custo das actividades: 450 €/xornada

GRANXA SILVOPASTORIL DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DE CARBALLO

1.- Nome da granxa: Granxa silvopastoril do monte veciñal en man común de Carballo


2.- Localización: Lugar Manxadoiro, Carballo, Friol

Coordenadas: 43.02253250959316, -7.914383872756054

<https://goo.gl/maps/hyGzVExmBV8YbtFHA>

3.- Actividades:

- Proxecto cooperativo que aglutina aos comuneiros do monte veciñal dende un eido cultural e produtivo, co obxectivo de optimizar as producións complementarias do monte: aproveitamento silvopastoril con porco celta, cabra galega e cabalo de raza pura galega de monte
- Fórmulas integradoras de colaboración e dinamización cultural do rural
- Promoción do interese pola cultura e tradicións propias do entorno
- Visita á explotación multifuncional do Monte Veciñal de Carballo, onde os rapaces aprenderán os beneficios ambientais da gandería en extensivo dende unha vertente multifuncional, diversificadora e integradora coa paisaxe natural
- Realizarase un pequeno percorrido polo monte, con paradas co bus en puntos estratéxicos para explicar como se xestiona o monte e un pequeno percorrido a pé para ver de cerca os diferentes animais que compoñen a explotación (a duración máxima da visita será 3 horas)



4.- Contacto: Manuel Yglesias Espiño, tef. 647 084 545

Email: montedocarballo@gmail.com; xesforest@gmail.com

5.- Custo das actividades: 200 €/xornada

GRANXA TEIXEIRO E PISTÓN SC

1.- Nome da granxa: Granxa Teixeiro e Pistón sc


2.- Localización: Venta de Cruzul, Becerreá

Coordenadas: 42.85223789285162, -7.150363128065193

<https://goo.gl/maps/ER9AV4uqPhqCtKE76>

3.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de cabrún (razas cabra galega e negra serrana) e cabalar (cabalo de pura raza galega) en réxime extensivo, rexentada por unha parella de mozos emprendedores, onde o benestar animal ten unha vital importancia. Venta dos produtos de proximidade da granxa en feiras e mercados tradicionais, así coma tendas de distribución na propia comarca
- Certificación da súa produción de gandería ecolóxica a través do selo do CRAEGA
- Actividades e xogos para os escolares:
 - Que son e como traballan os cans de pastoreo: Border Collies
 - Que son e como traballan os cans de defensa e garda do rabaño e diferenzas cos de pastoreo: Mastín de Español de Trabajo
 - As cabras e as razas autóctonas, diferenzas con outras especies. Raza Cabra Galega
 - Cabalos e razas autóctonas, diferenzas doutras razas e especies. Pura Raza Galega
 - Como é no noso territorio (especies vexetais que medran nel), como facemos para conservar a biodiversidade (proxectos de custodia de territorio na granxa). O caso do Lobo.
 - Pastoreo extensivo, como aproveitar os recursos que temos no territorio.



4.- Contacto: Miguel Cordero e Yolanda Gómez, tef. 647 080 604 / 666 727 814

Email: migcordero@yahoo.es; yoligorro@yahoo.es

5.- Custo das actividades: 450 €/xornada

MILHULLOA

1.- Nome do produtor: Milhulloa Sociedade Cooperativa Galega



2.- Localización: Lugar Coto 1, Palas de Rei

Coordenadas: 42.88402708278106, -7.956158964897008

<https://goo.gl/maps/2RRDuL2V6W8dLeiz7>

3.- Actividades:

- Cooperativa de marcado carácter feminino enfocada á produción de herbas medicinais en ecolóxico. Elaboración de infusións, especias, grelos e outras hortalizas deshidratadas
- Venda e distribución en tendas locais e a través do comercio electrónico
- Actividades formativas e realización de obradoiros sobre a elaboración de produtos artesáns
- Visita guiada pola fábrica e cultivos de plantas medicinais, identificación das especies.
- Obradoiro de propagación de plantas e elaboración dun dentífrico co extractos medicinais. Cata de infusións.



4.- Contacto: Chusa Expósito, tef. 646 569 126

Email: milhulloa@hotmail.com

5.- Custo das actividades: 400 €/xornada (actividades para 30 alumnos aprox.)

MUVICLA

1.- Nome da granxa: Museo Vivo e Integrado del Campo y la Locomoción Agraria


2.- Localización: Lugar A Eirexe, Seoane, Láncara

Coordenadas: 42.89511281971432, -7.374979299999999

<https://goo.gl/maps/b8taN5cYfUTJ5c5B7>

3.- Actividades:

- Museo que recolle a cultura e o patrimonio do rural: colección completa do tratamento do cereal, muíño celta, colleitadora autopropulsada mallos, malladora sistema Suiza, Campeva ou atador de segadora autopropulsada
- Paseo pola historia en tractor: pendello tipo feira, con exposición dunha colección de tractores que describe como foi a evolución dos tractores, adaptada a momentos históricos
- O museo está asentado na “casa de Vázquez”, unha casa de labranza que mantén a súa actividade agrogandeira na actualidade, diversificando a actividade primaria coa produción de vacún certificado baio a DO “Ternera Gallega” e produción de mazá para sidra envasada polo grupo “Hijos de Rivera (Maeloc)”



4.- Contacto: Marcos Vázquez, tef. 619 389 069

Email: vazqueztrasliste@hotmail.com

5.- Custo das actividades: 6 €/persoa

PAZO DA CALDALOBA

1.- Nome da granxa: Granxa Pazo da Caldaloba


2.- Localización: Lugar a Rabada 18, Pino, Cospeito

Coordenadas: 43.21758878655538, -7.6409363972261986

<https://goo.gl/maps/RBRwzdv2w9Zn7xoD8>

3.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de ovino e de vacún de carne en réxime semi-extensivo, rexentada por unha parella de mozos emprendedores. Os rapaces poden tomar conciencia do traballo diario de pastoreo que se leva a cabo nunha granxa con marcado carácter gandeiro
- Actividades de manexo e comportamento e manexo de cans mastíns
- Producción en ecolóxico. Venta dos produtos de proximidade da granxa en puntos de distribución dentro da comarca
- Experiencia en organización de visitas de centros escolares e actividades paralelas
- A granxa está integrada na Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Gallega (ACRUGA)



4.- Contacto: Javier Fernández, tef. 615 420 575

Email: ja.fernandez.a@hotmail.es

5.- Custo das actividades: 250 €/xornada

PAZO DE VILANE

1.- Nome da granxa: Pazo de Vilane


2.- Localización: Camiño de Vilane 31, Antas de Ulla

Coordenadas: 42.78169496338115, -7.903361

<https://goo.gl/maps/ereoQQ7yCJFCcfxs9>

3.- Actividades:

- Proxecto asentado nun antigo pazo de Antas de Ulla, que foi pioneiro na introdución de ovos campeiros a mediados dos noventa
- Na actualidade produce 2 millóns de dúcias de ovos campeiros ao ano, cun exquisito coidado e atención das ganiñas que viven en liberdade
- Mantemento da identidade de marca galega de calidade, da elaboración artesá e do coidado do entorno, por medio da diversificación ao elaborar outros produtos como marmeladas de froitos cultivados no propio pazo



4.- Contacto: Nuria Varela-Portas, tef. 646 020 189

Email: info@pazodevilane.com

5.- Custo das actividades: 450 €/xornada (máximo 3 visitas ao ano, a partir de setembro)

PORCO CELTA DA COUBOEIRA

1.- Nome da granxa: Porco Celta da Couboeira


2.- Localización: A Couboeira, Mondoñedo

Coordenadas: 43.482061759285294, -7.36553235036856

<https://goo.gl/maps/5dLL5tNDJKVDJpYT6>

3.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de porco celta e de vacas cachenas en réxime de pastoreo extensivo con recente relevo xeracional ao fronte da mesma
- Modelo produtivo que valoriza a gandería de razas autóctonas de Galicia, pertencendo á Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) e á Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), formando parte da Asociación de Gandeiros da Raza Bovina Cachena
- Modelo produtivo baseado no aproveitamento dos recursos propios: forraxe, pasto e actividades de silvopastoreo, que permite unha incorporación á actividade agraria a tempo parcial, complementando os seus ingresos con rendas do traballo propio



4.- Contacto: Nando López, tef. 650 151 110

Email: pescanort@gmail.com

5.- Custo das actividades: 15 €/persoa (inclúe degustación, bebidas, calzas, etc...)

SEN MÁIS - AS VACAS DA ULLOA

1.- Nome da granxa: Sen Máis - As Vacas da Ulloa


2.- Localización: Lugar A Cernada, Palas de Rei

Coordenadas: 42.974371496372, -7.846256901056787

<https://goo.gl/maps/YYheBbwhRJYLxNAW7>

3.- Actividades:

- Proxecto de emprendemento rural arraigado na constancia e vontade das dúas socias mozas ao fronte da sociedade. A elaboración dos seus produtos procede das súas respectivas granxas de leite ecolóxico con vacas de raza parda alpina e frisona
- As tarefas son levadas dun xeito tradicional, porén a finalidade última é xerar o maior valor engadido do leite producido de excepcional calidade e propiedades organolépticas
- Obradoiro integrado nas instalacións da granxa para producir iogur e leite pasteurizado
- Cosmética ecolóxica galega cunha base de leite cru de vaca acabado de muxir
- Labor didáctica para concienciar sobre os beneficios do consumo de produtos de proximidade e das vantaxes sobre a saúde humana e sobre o medio ambiente da produción ecolóxica
- Roteiro informativo polos distintos espazos de traballo do proxecto para aproximar aos escolares ás características do modelo produtivo
- Obradoiro relacionado co leite e a súa transformación. I+D+I no rural cunha mirada á valorización das producións gandeiras



4.- Contacto: Ana Corredoira, tef. 620 266 476 / 982 173 057; Marta, tel. 679 995 362 / 616 789 009

Email: acernada@hotmail.es; muuhlloa@gmail.com

5.- Custo das actividades: 550 €/xornada (visita, obradoiro e actividades de 3 horas de duración)



TERRAS DA MARIÑA S. COOP. GALEGA

1.- Nome da granxa: Terras da Mariña S. Coop. Galega


2.- Localización: Ponte das cuñas s/n, Lourenzá

Coordenadas: 43.469335594129355, -7.293808275297969

<https://goo.gl/maps/VcX2L2ZZvouS9tNE8>

3.- Actividades:

- Difusión pedagóxica da posta en valor agronómico e produtivo das Terras de Miranda
- A cooperativa aglutina a todos os produtores da zona que cultivan e envasan a faba certificada baixo o selo da IXP Faba de Lourenzá
- Xestión conxunta da produción da faba das granxas dos socios, garantindo un referencial de calidade que asegura a trazabilidade e a seguridade alimentaria do produto
- Control biolóxico de todo o proceso produtivo.
- Organización de actividades formativas e divulgativas :
 - Centro de interpretación da faba, o papel das leguminosas
 - Obradoiro didáctico no muíño do Pereiro
 - Visitas ás granxas de leguminosas para coñecer o proceso produtivo
 - Encontro con “Fabito” na cooperativa, onde nos amosará os beneficios das leguminosas na nosa alimentación diaria, e nos dará un agasallo



4.- Contacto: Pepe Cuadrado, tef. 636 679 512

Email: terrasdamarina@gmail.com

5.- Custo das actividades: 12€/persoa

TROPIC GAIA

1.- Nome do produtor: Tropic Gaia


2.- Localización: Morás, Xove

Coordenadas: 43.7184708668843, -7.491701669901853

<https://goo.gl/maps/nhPpoQ73vwPhREjJA>

3.- Actividades:

- Cultivo ecolóxico de froitos tropicais: pitaya ou froita do dragón, kiwi, amorodo e framboesa
- Posúe a plantación de pitaya situada máis ao norte da Península Ibérica
- Parte da produción cultivada está certificada en ecolóxico, baixo o selo do CRAEGA
- Distribución de produtos de proximidade en circuitos curtos de distribución e venta directa mediante plataformas de comercio electrónico coma “Son de Lugo”
- Obradoiros para os rapaces:
 - Plantación dun esqueje de pitaya (o esqueje que plante cada rapaz levarao para a casa)
 - Recolleita de froita: cada rapaz levará para a casa unha barquetiña con froita fresca recolleitada



4.- Contacto: Andrea González, tef. 600 333 877

Email: tropicgaia@gmail.com

5.- Custo das actividades: 15 €/persoa

Nos meses de maio/xuño é a época de recolleita de fresas, e tamén se poden observar as flores de Pitaya